



O astronauta soviético Yuri Gagarin foi o primeiro home en saír ao espazo, converténdose nun heroe. EFE

Os tempos están a cambiar



POR
RAMÓN ROZAS

O Miguel da 'Viaxe de Gagarin' xa é un deses nenos inesquecibles na nosa literatura e do que o mesmo Atticus Finch se sentiría ben orgulloso

Tan importante é a nosa vida como todo aquilo que nos rodea. Ese é o acubillo do que nós formamos parte e que, aínda que non o saibamos, acompañaranos ao lon-

go deste camiñar. As músicas, as películas, as lecturas, as mozas, as compañías do colexio... un amplo cultivo que sera preciso para que agromen en nós toda unha serie de inqedanzas na configuración da nosa personalidade.

Agustín Fernández Paz, mestre das nosas letras, lévanos da man dun mozo chamado Miguel a vivir uns tempos apaixoantes nos que as sombras daquela España, aínda chea de grises na cruel agonía do franquismo, tiñán a súa distracción en mundos como as músicas de Bob Dylan, en películas como 'Matar a un rei señor', nos cómics, nas novelas do Oeste ou na liorta que en plena Guerra Fría levou a soviéticos e americanos a unha loita por quen ía máis lonxe



A VIAXE DE GAGARIN

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Editorial Xerais
Páxinas 280 Prezo 18€

nos propósitos das súa carreiras espaciais. Esa carreira simbolizaba como poucas cousas a chegada dun mundo novo, a superación dos traumas das guerras mundiais, ou o progreso, que dun ou doutro xeito tamén se palpaba nas vidas dos protagonistas desta novela. Eles, Miguel e os seus pais, facían fronte ao Réxime, como eles podían, pero sempre co medo a ser descubertos e levar así un forte castigo. Aquel mundo da resistencia anti franquista Agustín Fernández Paz é quen de argallalo a través dalgo tan complexo como os ollos dun rapaz. Un mozo que esperta á vida, mentres a vida fará del algo necesario para que ela mesma teña sentido. O descubrimento do amor, da realidade agochada tras os segredos dos seus pais, ou as verdades que a vida porá tempo despois ante el, son o soporte dunha novela na que o autor amosa todo o seu potencial narrativo a través do cal conducir o lector dun xeito lene e agarimoso na descuberta dun tempo de escuridade pero tamén de luz, de dor, pero tamén de ledicia... en definitiva a cara e a cruz dunha vida á que Agustín Fernández Paz lle rende tributo dende una literatura que sempre deixa un pouso de esperanza e redención, de afouteza na pescuda dos valores que suxeitan a un home tantas veces zarrandeado polas tormentas da vida.

Miguel xa é un deses nenos inesquecibles na nosa literatura, un personaxe do que o mesmo Atticus Finch se sentiría ben orgulloso, coma nós nos sentimos de cada un dos libros que escribe Fernández Paz. Un escritor máis moderno que moitos autores chamados modernos, e iso por qué?, pois porque a súa literatura é a da sinxeleza, a que nos fai ollar en fite o ser humano e as súas eivas, sen artificios nin superioridades, sendo quen de ir máis aló do meramente literario, e así é como a carón deste libro desenvolve un blogue no que esta viaxe continua. Porque como cantou Bob Dylan «os tempos están a cambiar».



O astronauta soviético Yuri Gagarin foi o primeiro home en saír ao espazo, converténdose nun heroe. EFE

Os tempos están a cambiar



POR
RAMÓN ROZAS

O Miguel da 'Viaxe de Gagarin' xa é un deses nenos inesquecibles na nosa literatura e do que o mesmo Atticus Finch se sentiría ben orgulloso

Tan importante é a nosa vida como todo aquilo que nos rodea. Ese é o acubillo do que nós formamos parte e que, aínda que non o saibamos, acompañaranos ao lon-

go deste camiñar. As músicas, as películas, as lecturas, as mozas, as compañías do colexio... un amplo cultivo que sera preciso para que agromen en nós toda unha serie de inqedanzas na configuración da nosa personalidade.

Agustín Fernández Paz, mestre das nosas letras, lévanos da man dun mozo chamado Miguel a vivir uns tempos apaixonantes nos que as sombras daquela España, aínda chea de grises na cruel agonía do franquismo, tiñán a súa distracción en mundos como as músicas de Bob Dylan, en películas como 'Matar a un rei señor', nos cómics, nas novelas do Oeste ou na liorta que en plena Guerra Fría levou a soviéticos e americanos a unha loita por quen ía máis lonxe



A VIAXE DE GAGARIN

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Editorial Xerais

Páxinas 280 Prezo 18 €

nos propósitos das súa carreiras espaciais. Esa carreira simbolizaba como poucas cousas a chegada dun mundo novo, a superación dos traumas das guerras mundiais, ou o progreso, que dun ou doutro xeito tamén se palpaba nas vidas dos protagonistas desta novela. Eles, Miguel e os seus pais, facían fronte ao Réxime, como eles podían, pero sempre co medo a ser descubertos e levar así un forte castigo. Aquel mundo da resistencia antifranquista Agustín Fernández Paz é quen de argallalo a través dalgo tan complexo como os ollos dun rapaz. Un mozo que esperta á vida, mentres a vida fará del algo necesario para que ela mesma teña sentido. O descubrimento do amor, da realidade agochada tras os segredos dos seus pais, ou as verdades que a vida porá tempo despois ante el, son o soporte dunha novela na que o autor amosa todo o seu potencial narrativo a través do cal conducir o lector dun xeito lene e agarimoso na descuberta dun tempo de escuridade pero tamén de luz, de dor, pero tamén de ledicia... en definitiva a cara e a cruz dunha vida á que Agustín Fernández Paz lle rende tributo dende una literatura que sempre deixa un pouso de esperanza e redención, de afouteza na pescuda dos valores que suxeitan a un home tantas veces zarandeado polas tormentas da vida.

Miguel xa é un deses nenos inesquecibles na nosa literatura, un personaxe do que o mesmo Atticus Finch se sentiría ben orgulloso, coma nós nos sentimos de cada un dos libros que escribe Fernández Paz. Un escritor máis moderno que moitos autores chamados modernos, e iso por qué?, pois porque a súa literatura é a da sinxeleza, a que nos fai ollar en fite o ser humano e as súas eivas, sen artificios nin superioridades, sendo quen de ir máis aló do meramente literario, e así é como a carón deste libro desenvolve un blogue no que esta viaxe continua. Porque como cantou Bob Dylan «os tempos están a cambiar».